Exp. 624/2025

FELIPE TRAVESO GARCIA (1 para 1)
EL ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 03/12/2025
HASH: 9a8da140bb6328945cfbc62e533a1407e

ANUNCIO

SUMARIO

Providencia de Alcaldía do Concello de Sandiás pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública de aprobación da Ordenanza reguladora do uso do Pavillón Polideportivo e do Ximnasio do Concello de Sandiás

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto *da Ordenanza reguladora do uso do Pavillón Polideportivo e do Ximnasio do Concello de Sandiás* , solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de *10 días* a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	• *Regulación detallada do uso do Pavillón Polideportivo e Ximnasio Municipal*
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	*O Concello carece dunha regulación detallada do uso do Pavillón Polideportivo e Ximnasio Municipal.*
Obxectivos da norma	*Ter unha ordenanza reguladora que estableza as normas de prestación do servizo e uso do Pavillón Polideportivo e Ximnasio Municipal.*
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	*Resulta preciso aprobar un regulamento detallado do servizo e uso que responda as situación que se poden plantexar porque actualmente este municipio carece dunha regulación.*

O ALCALDE

FELIPE TRAVESO GARCÍA

Cod. Validación: AEX3JR76D5MP9SMCJ4XHF6QTT
Corrección: https://sandias.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1